

O tesouro das ánimas

Conchi Regueiro



BAÍA EDICIÓN S



Conchi Regueiro (Lugo, 1968)

Diplomada en Traballo Social e licenciada en Ciencias da Educación, lucense de nacemento, tudense de adopción, escritora vocacional e unhas cantas cousas máis que veñen dar forma á autora deste libro que agora tes entre mans.

Audazmente autodefinida como escritora de fantástico e Ciencia-Ficción, porén, non rexeita calquera outro tema que bula na súa cabeza porque, ao cabo, o que importan son as historias.

Ademais d'*O Tesouro das ánimas*, ten outras obras publicadas: *Tempos agradables* (III Premio de Novela *Mulleres Progresistas*) –Edicións do Cumio, 2002–; *Un marciano neste mundo* (Finalista do I Premio *Meiga Moira* de Literatura Infantil e Xuvenil) –Baía Edicións, 2004–; *La estirpe de Tordón* –Asociación Cultural Mundo Imaginario, 2005–; *Vistas al río* –Ellas Editorial, 2007–, *La Moderna Atenea* (Finalista ao *Ignotus* 2009 á mellor novela en lingua/s española/s) –Grupo AJEC, 2008– e *A herdanza do marqués* –Baía Edicións, 2009–, así como diferentes contos e artigos en publicacións e webs especializadas no xénero fantástico.

Cos teus libros, sempre queres render humilde homenaxe a quen dun ou doutro xeito deu lugar ao milagre dunha historia compactada nese feixe de follas adornadas pola tinta.

Como sempre, continuó a ter unha infinita débeda de gratitude coa miña familia e as miñas amigas, no primeiro caso porque fixeron que agora sexa o que son e no segundo porque aceptaron, comprenderon, animaron e, en definitiva, compartiron os seus momentos con ese ser que agora se move polo mundo coa forma da primoxénita de Antonio Regueiro e de Concepción Digón.

A todas elas volve ir dedicada esta obra.

*O que fora lenda e mitoloxía, atribuído á
fantasía do poeta,*

*seica un anónimo labor personificado nun
ser inexistente,*

*cobraba vigorosa realidade ao quedar
demostrada a súa existencia.*

(C. W. Ceram: *Deuses, tumbas e sabios*)

1

En liñas xerais, Laura era unha boa profesora, incluso podería dicirse que era a mellor dentro do conxunto docente de 3º A do Instituto de Ensinanza Secundaria *Irmás Vázquez*, malia todas as reticencias de Natalia, incrementadas exponencialmente nos últimos meses polos motivos que axiña serán desvelados. Porén, incluso a nosa protagonista recoñecía a súa extensa cultura e os seus xenerosos intentos de compartila cun alumnado a meirande parte das veces máis preocupado por outros asuntos. Así, era meritorio que tivese asumido a responsabilidade de achegalos a todos até a Leira dos Pintado, preto da Ponte Romana, onde estaba o primeiro dos petos de ánimas da visita, tras innumerábeis xestións e o agónico convencemento a última hora de Rita,

a súa compañeira de departamento, para que a acompañase coa rapazada, esta máis preocupada de albiscar as troitas que se supuña pasaban por aquel río, noutrora pródigo nelas pero que neses tristes tempos só podía ofrecer o lamentábel espectáculo dunhas cantas latas de cervexa flotando na súa superficie, nun desgraciado exemplo do vandalismo da fin de semana.

—A ver, escoitade un pouquiño, por favor —dixo Laura e o grupo apenas atendeu, coa obrigada excepción dos dous ou tres lambecús e de Natalia, habitualmente das inquilinas permanentes das últimas filas pero que, polas anteditas misteriosas circunstancias que en próximas liñas narraremos (prégase un chisco de paciencia), se sentía obrigada a prestar atención, malia as súas inexistentes ganas.

—Atendede xa —berrou Rita, menos dada ás maneiras suaves, pero máis eficaz na súa orde polo subseguinte silencio de todo o grupo—. Veña, Laura. Cóntalles —invitou á súa compañeira docente, seica desexando rematar dunha vez con aquilo e volver ao seu sitio no vello sofá da sala de profesores a tomar café con galletas.

—Ben, pois, como xa vos dixen na clase, hoxe imos falar dos petos das ánimas de Ponterrubiáns.

—Vaites, que interesante —fungou Guillerme cun aceno de falsa atención e os seus acólitos ríronlle a graza. Era o que tiña ser o esbardalleiro oficial da clase, sempre coa necesidade de enriquecer as verbas dos profesores con observacións peregrinas. Rita lanzoulle unha mirada que de ser frecha o tería ensartado como a unha vulgar oliva, pero Laura era desas entusiastas ás que non rendía o peor comentario.

—Pois claro que é interesante, aínda que só fose polas súas formas variadas, únicas en toda Galicia, malia que os de aquí non o saibades apreciar, nin sequera os responsábeis municipais —dixo con desgusto mentres apartaba con coidado as silveiras que medio ocultaban o relevo—. Que barbaridade, está completamente descoidado e, Xesús! —exclamou con horror—, rebentáronlle a lousa da hucha.

—Seguramente foi un coche de calquera parelliña ao aparcas. Claro, como están ás escuras... —sinalou a súa colega con maldade.

—Hoxe mesmo chamarei a Patrimonio. Desde logo, esta vila non ten ningún respecto polas súas xoias, primeiro deixa especular coa súa zona verde e que a enchan de chalés para os ricos e logo es-cacha alegremente unha peza única da arte popu-

lar do século XVIII –rosinou mentres acababa de apartar toda a vexetación agresora, de novo na súa ladaíña de muller preocupada pola contorna–. En fin, como estaba a dicir, fixemos este paseo para ver un dos petos de ánimas de Ponterrubiáns. Se recordades as miñas explicacións, saberedes que os petos de ánimas son unha típica mostra da arte popular galega. Dise que son consecuencia da Contrarreforma da Igrexa Católica e adoitan representar as ánimas do Purgatorio, entre o lume e a presenza de Deus e....

Era superior ás súas forzas. Antes de que se puidese decatarse, Natalia retrocedera até as últimas filas, a pesar de todos os seus intentos de atender a explicación e pórllle boa cara. Aló neses recunchos alleos ao saber, a xente charlaba animadamente en voz baixa, e os máis descarados, como Guillerme e os seus secuaces, folleaban sen disimulo unha revista de tuning até alí trasladada ao agocho dunha carpeta clasificadora. Ela sentiu o proído do arrepentimento, pero non se moveu da súa nova localización. Pola contra, discretamente sacou do peto o seu novo teléfono e comprobou as mensaxes (quedaran en avisarlle da hora exacta da festa de aniversario de Raquel, información moi relevante

tendo en conta a necesidade de artellar un medio de transporte adecuado. Pola contra, só había un estraño aviso de seu pai dicíndolle que se achegase ao restaurante italiano ás oito e media, ao saír da academia).

—É o 3200? —preguntou de súpeto alguén ao seu carón e ela case cae do susto. Guillermo achegáraselle en silencio e agora contemplaba con admiración o último agasallo de Cesc.

—O 3300 —contestou Natalia cun chisco de orgullo—. Trouxéronmo de Barcelona. Este modelo non o hai aquí. Tes que encargalo e tardan máis de un mes en conseguilo.

—Que pasada! —exclamou Guillermo, aínda admirado—. Nese podes descargar directamente o *Jackghost* sen pagar.

—Non, xa o tentei, pero non me deixa acceder ao menú de descarga, e iso que o anunciaban na caixa —rebateulle Natalia molesta. Non lle caía especialmente ben aquel compañeiro e moito menos quería deixarlle naquelas mans grandes e torpes a súa máis prezada posesión tecnolóxica aínda que, por outra banda, lle apetecía esa posibilidade lúdica de balde—. Onde teño que ir? —preguntou por fin, afastándose un par de prudentes pasos en

evitación da máis leve mácula do seu tesouro das comunicacións.

—Tes que entrar polo menú dos xogos.

—Pero así non me deixa descargar —protestou Natalia, xa supoñéndose vítima noutra brincadeira máis do esbardalleiro oficial de 3º A.

—Si, só tes que elixir opcións e... pero así non hai forma, mellor déixame a min.

—Non, ti dime onde premer e xa o fago eu.

—Pero así non me dou xeito. Anda, déixamo e...

—Que non cho deixo, home, nin a ti nin a ninguén.

—Veña, muller. Eu axiña acabo.

—Aí atrás, que está a pasar?

As fileiras abríronse como os acortinados dun teatro e deixaron pasar a unha Laura descoñecida, pálida pola ira e de longas alancadas fronte á súa máis habitual pegada curta de rapaza discreta e de boas maneiras. O grupo fitábaa con asombro e tamén cun colectivo sorriso torto, relambéndose polo morbo da identidade da destinataria da rifa próxima.

—Que tes aí? —preguntou retoricamente a Natalia, pois até un cego vería que agochaba o móbil

tras as súas costas—. Sabedes que está totalmente prohibido o uso deses chintófanos durante a clase. Veña, dámo xa.

Natalia entregoullo aínda asustada pola metamorfose da usualmente pacífica profesora e o seu susto aínda creceu un pouco máis cando comprobou os niveis de frialdade aos que podía chegar aquel aceno.

—Non estaba falando —escusouse con dificultade.

—Non, ti só estabas argallando cos xoguiños mentres eu falaba, o que é peor —cortoulle Laura—. Pois moi ben, de entrada retéñoche o móbil até nova orde, e logo xa falaremos.

—Pero...

—Nin pero nin gaitas. Se non tiñades ganas de vir até aquí puidestes dicilo antes de saír, isto era unha actividade voluntaria. Ninguén atendeu unha soa das miñas verbas e dávos igual este tema. Pois que morra o conto entón. Acabouse a excursión. Volvamos ao instituto —dixo dando unha patada enfadada ás silveiras da base do peto cando algo chamou a súa atención—. Que curioso... —rosmou.

—Pasa algo, Laura? —preguntou sen ganas Rita.

—Aquí hai unha cousa que nunca tiña visto —explicou mentres collía un caderno de tapas cor fucsia estridente e un bolígrafo da súa mochila—. Rita, faime un favor. Acompaña ti soa aos alumnos de volta ao centro. Quero comprobar unha cousa e axiña estou con vós.

—De acordo, queres que lle leve ese móbil ao director? —preguntou a compañeira con certa mala idea.

—Non fai falta, xa me ocupo eu máis tarde. Veña, deica logo —despediuse Laura, xa absorta na misteriosa cousa da base daquel peto.

—Veña, xa oístes, liscamos —berrou Rita a todo o mundo—, e ti, vés ao meu carón —díxolle a Natalia cun ollar que a puxo rubia. Peor foi colocarse canda ela e os restantes ollares de suspicacia do resto dos compañeiros, incrementados tras un á profesora que quedaba axeonllada apalpando e apuntando algo daquelas pedras antigas. Natalia tivo claro entón que mil veces peor que a rifa dunha profesora era a rifa dunha profesora que por unha desas desgraciadas casualidades da vida é a moza de teu pai.

Laura chegara a Ponterrubiáns o ano anterior. No seu ánimo estaba traballar nun instituto dos

considerados tranquilos, tan alleos a gardas de seguridade nas portas e baixas por tensión que se dicían cotiás nas grandes cidades, e, sobre todo, quería darlle o pulo definitivo á súa tese de doutoramento sobre as representacións artísticas populares en vilas de orixe medieval, tristemente aparcada polas eternas oposicións a profesora de Ensino Medio, aprobadas tras catro frustrantes intentos e determinados asuntos persoais de gravidade que agora non veñen ao caso. Instalárase nun escuro apartamento do edificio da Caixa de Aforros e seica foi nunha das súas entradas ou saídas da mudanza onde viu por primeira vez a Floren, o pai de Natalia e interventor da entidade financeira do baixo, se ben a timidez de ambos non debeu dar lugar a máis aló dun intercambio de ollares asustados.

Foi precisamente a paixón intelectual de Floren a que facilitou o encontro desas dúas almas xemelgas. Ese home, á parte de pai da nosa protagonista e empregado eficiente da Caixa de Aforros, era tamén dos principais impulsores da Asociación Cultural *Bispo Tristán*, entusiasta defensora do patrimonio local, á que dedicaba o tempo libre restante do traballo e o coidado dunha filla da que era o único responsábel, toda vez que a nai vivía desde había tres anos

en Barcelona, e as constantes chamadas e correos electrónicos, ademais das visitas en pontes e fins de semana non servían en demasiadas ocasións para asuntos prioritarios de intendencia familiar. Floren tería resultado un gran erudito en Historia da Arte de non comezar a traballar tan novo, pero daba por bos os resultados finais: era ben considerado a nivel laboral, o que lle levaba a verse de director de oficina nun prazo non superior aos cinco anos, así como a nivel persoal, tal e como podía comprobar nas constantes mostras de cariño dos seus veciños, e gozaba de todos e cada un dos ensaios e artigos lidos sobre os seus temas favoritos. Así mesmo, o seu entusiasmo coas diferentes tarefas na *Bispo Tristán* foran a mellor limadura para as arestas dun proceso de divorcio resolto ao cabo de xeito amigábel pero cun permanente pouso de melancolía, moi propia do seu carácter, xunto coa timidez antes sinalada, e que lle levara durante moito tempo a ocupar o posto de home triste da vila, para compadecemento de nais e avoas. Na asociación desempeñaba o cargo de tesoureiro e por esa eficiencia cos números conseguira os fondos suficientes para editar un boletín bimensual, cheo de excelentes artigos e ilustracións, o que era o seu motivo de orgullo.



Precisamente polo folleado rápido dese boletín mentres esperaba a súa vez no salón de peiteado próximo ao seu apartamento, Laura decidira pasarse polo local social de *Bispo Tristán*. Parecéralle naquel intre un bo contacto para o proseguimento definitivo da súa investigación e tamén, por que non, un xeito agradábel de coñecer a xente de Ponterrubiáns (esta última idea eficazmente desenvolvida, como xa sabemos).

Tería sido moi bonito que Floren recibise a Laura á porta da asociación e que xa desde ese máxico segundo saltase a chispa entrambos, de ser posíbel, cos afastados ecos dunha melodía de violíns, sempre tan eficaces nestes asuntos. Por desgraza, o destino non é tan romántico nin ten ese sentido do detalle e ese día en cuestión colocou de gardián da entrada a Paulo, vello prosma que case lle quita as ganas á nova veciña da vila de volverse achegar por aquel sitio tras dez interminábeis minutos de escoita educada das operacións de cadeira daquel home, o que logo veu a complicarse coas descricións pedantes de Celso, secretario da directiva, sobre os antigos fidalgos da vila, estirpe á que el aseguraba pertencer e que lle fixo continuar atendendo máis de media hora para por fin

poderse anotar como socia. De todos os xeitos, as cousas non se torceron e a evolución dos feitos deu lugar por fin ao encontro entre o empregado da Caixa e a profesora, os cruces apoucados de miradas e as conversas entrecortadas nos momentos en que se atopaban (e, que cousas, tanto Laura como Floren pasaban casualmente acotío por sitios onde estaba o outro), e por fin, as citas para o cine a ver as escasísimas películas europeas en cartel ou para achegarse á cidade a escoitar unha conferencia de calquera experto locuaz.

Ao principio Natalia non prestara moita atención aos novos intereses sentimentais do pai. Pola contra, era da absurda opinión naqueles tempos despreocupados de que el nunca volvería namorarse pois consideraba que cunha única vez xa tivera dabondo, e resolvía que todas aquelas charlas e encontros só se debían á incomprensíbel afección compartida polos libros aburridos. Neses días aínda non tiña clases con Laura e só catalogaba a esta como unha cara máis das que nos descansos podía usar o baño do primeiro andar ou das que se reunían a almorzar na sala a carón do despacho do director. Apenas atendera aos comentarios que a sinalaban como unha boa profesora e non se imaxi-

nara nin por asomo a posibilidade de rematar sendo a súa alumna.

Decidiu revisar todo o seu sistema de crenzas e atribucións aquela tarde en que pensou velos aos dous bicándose no portal do edificio da Caixa de Aforros, cunha torpeza e entusiasmo máis propias das parelliñas do instituto coas que a diario se cruzaba nos corredores. Quedou definitivamente como asunto prioritario da súa axenda mental cando moitos coñecidos empezaron a achegárselle comentándolle a boa parella que facían seu pai e aquela nova profesora e que ben estaba que aquel bo rapaz tivese a súa segunda oportunidade no amor. O bico do portal transmutouse entón de simple anécdota inverosímil en aviso de tormenta e esa mesma noite iniciouse o tremendo costume das conversas entre ela e o seu proxenitor sobre Laura. Floren recoñecera antes incluso do que el mesmo esperaba que estaba saíndo con esa nova profesora do instituto e Natalia sentira por vez primeira a aguilloada do malestar pola introdución dese novo elemento na súa ecuación vital. Esa sensación repetiríase nos seguintes meses, cando unha mañá de sábado, por exemplo, se levantou como adoitaba ás once e atopou no comedor a Laura almorzando

con seu pai, pero daquela conseguira disimular o seu desagrado e limitárase a empregar unha nova linguaxe de bufidos e ollares tortos, desde aquela habitual ao compartir espazo cos dous.

O drama desencadeouse definitivamente aquel fatídico día de primeiros de outubro ao ler no taboleiro de anuncios do centro a listaxe de profesores para aquel ano e “Laura”, aquela restrá tremenda de cinco letras ameazándoa con nove meses infernais, sobresaíu entre todos eles. O seu pouco recomendábel costume de deixar todo para última hora e a rixidez extrema do xefe de estudos para aceptar trocos de clases co prazo de reclamacións xa esgotado converteu en definitivo o seu temor escolar máis fondo e tamén serviu de punto de partida para a serie de malas caras, protestas e demais elementos de rexeitamento dos que empezou a deixar constancia nos distintos episodios con seu pai e esa noiva cunha ocupación tan pouco apropiada.

Nin que dicir ten que os seus compañeiros non amosaran piedade e sufriu xornadas interminábeis de continuas bromas, chistes e sorrisiños irónicos que terían queimado a paciencia do máis santo e, por primeira vez en moito tempo, volveu aparecer nos seus recordos a vista do Mediterráneo desde o

Parque Güell. Aínda que aturou todo estoicamente, o triste episodio do seu 3300 na visita ao peto de ánimas e os risiños e miradiñas de esguello adicionais que aínda debeu soportar no regreso ao instituto, no comedor e incluso despois na academia á que estaba obrigada a ir debido ao seu baixón en inglés e, cousa asombrosa, en Matemáticas, converteran o seu ánimo no máis parecido a un volcán a piques de estoupar. As imaxes máis benevolentes que pasaban pola súa cabeza mentres copiaba mecanicamente do encerado os problemas daquel día ofrecían a escena terríbel dunhas fortes mans retorcendo o pescozo de Laura e ela relambíase mentalmente de gusto. Pensaba protestarlle seriamente a seu pai polo comportamento impropio da súa moza e por iso aproveitaría aquela cita dos dous no italiano. Natalia suspirou entón de satisfacción: aquel bonito recuncho de mantel de cadros brancos e vermellos e con candeas suxeitas sobre botellas era o sitio de referencia de ambos, ao que acostumaban ir nas fins de semana antes de que aquela a quen podía cualificarse de entremetida aparecera nas súas vidas. Tíñalle un cariño especial a ese local porque precisamente era o lugar exclusivo de seu pai e mais ela e, se aquela noite volvía repetirse

un daqueles intres de *calzone frutti di mare* e conversa animada sobre personaxes do Señor dos Aneis ou algunha vella serie da televisión, tería dado por aceptado o horrible día pasado e até esquecería o incidente da Leira dos Pintado.

Floren esperaba na mesa habitual, preto do móbel de viños, pero a primeira desagradábel sorpresa da noite tívola Natalia ao comprobar o impar número de servizos colocados. Aquel terceiro conxunto de prato, cubertos, pano e copa foi unha labazada no seu maltreito humor. Invitar a Laura alí era como perturbar a paz dun convento, pero apenas tivo tempo de afondar nesa idea pois seu pai facíalle xa alegres xestos para que se achegase.

—Ola, filla. Chegas tarde —saudou el cunha preocupante voz cargada de nervios.

—Si, é que tiven que...

—Non importa. Escoita, encargueille a Luís os teus pratos favoritos: agora trae o *carpaccio* e está preparando no forno o *calzone*. Incluso de sobremesa hai ese *tiramisú* que tanto che gusta.

—Pero, por que..?

—A ver se vén Laura e... É raro, parece que hoxe tarda un pouco e...

Interrompendo casualmente a nova descarga de verborrea daquel home apareceu por fin a terceira convidada. Laura foi saudada por Floren cun tenro bico nos beizos que a Natalia lle revolteu o estómago unha vez máis (por que tiñan que facelo na súa presenza?, preguntouse como sempre no que interpretaba como unha meliflua mostra de cariño).

—Desculpade a tardanza —dixo Laura mentres sentaba e lle pasaba o móbil a Natalia disimuladamente baixo a mesa, o que de entrada desbarataba moitas das súas queixas previstas—. Descubrín hoxe unha cousa asombrosa para a miña investigación e levo toda a tarde comprobando uns datos, así que me despistei da hora completamente. Logo cho conto —emprazou ao pai, e Natalia de novo sentiu o sangue ferver ao verse excluída da explicación. Moumeou algo que nin sequera ela sabía que significaba e lanzouse sobre a fonte de *carpaccio* acabada de colocar no centro da mesa en prevención de arranques perigosos de xenio.

—Escoita, filla —ordenou seu pai parándolle a man que xa botaba groseiramente unha terceira torrada no seu prato sen contar coas apetencias dos demais comensais—. Hoxe quixen vir ao noso res-

taurante favorito porque temos que comunicarche algo moi importante.

—E logo?

O pai entrelazou a súa man coa de Laura sobre o mantel antes de continuar. Mal ía a cousa.

—Ben, sabes que Laura e mais eu levamos un tempo saíndo —lanzou outra mirada tenra á moza que incrementou o malestar da filla—. Pois ben, iso xa non nos chega. Queremos estar máis tempo xuntos, moito máis.

—Queres dicir que...? —tateou Natalia horrorizada.

—Que imos vivir xuntos —concluíu Laura cun apresuramento excesivo, e o mundo pareceu caer enriba da nosa protagonista. A súa ira desencadeouse como un río de augas bravas e nin sequera tivo en conta que estaba nun sitio público.

—E por que o dis ti?, eh?, por que o dis ti? —preguntou con furia a Laura—. Eu non a quero, entendes? Non vai ser miña nai, miña nai está en Barcelona —berrou a seu pai.

—Pero, filla —tentou acougala este, mais ela xa estaba fóra de control. As bágoas atoaban a súa visión e só lle permitían distinguir os lamparóns indefinidos de dúas persoas adultas paralizadas pola sorpresa.

—Déixame, non vou aturala, deixoume en ridículo ante todos e agora sae con que teño que vivir con ela, non é xusto —protestou entre uns saloucos invencíbeis.

—Pero, que pasou?

—Non pasou nada, pero túa filla teima en que si —contestou Laura cun aceno tranquilo, aínda que o tremor da voz a delataba—. Dun pequeno incidente fai un mundo.

—Quitáchesme o móbil diante de toda a clase e pola túa culpa tiven que facer o camiño de volta a carón de Rita. Quedei en ridículo ante todo o mundo —repetiu, medio afogada nas bágoas.

—Quiteicho porque está prohibido, ben o sabes.

—Non tiñas que facelo.

—Si que tiña. Non podo facer distincións na disciplina, sobre todo cando estou a explicar...

—Ese aburrimento dos petos de ánimas —estallou, deixando asustados aos comensais das mesas do redor—, era un lerío que xa che escoitara vinte veces e que non interesaba a ninguén, pero ti veña a teimar, como se fose tan importante. Estás tola, sempre con esas cousas tan morbosas do Purgatorio e dos mortos, merecías que te pechasen nun ma-

nicomio, fállache algo aquí –rematou golpeándose co furabolos a fronte, fóra de si, aínda que entre as laparadas da súa cólera puido distinguir o aceno petrificado da profesora e a parte de consciencia cunha ínfima reserva de racionalidade indicoulle que a tiña magoado fondamente. Non lle importou. Naqueles intres ela cría sentirse peor e non quería seguir alí. Levantouse e saíu correndo, sen atender as chamadas do pai nin as cousas esquecidas.

Foi acollida por Lisa entre palmadiñas nas costas, baterías de bicos de consolo nas meixelas e solidarios comentarios sobre a caste de harpía de Laura. No dormitorio da amiga chorou as escasas bágoas que lle quedaban sobre o vello peluche de mística Potato e bebeu con dificultade a tila preparada con máis cariño que pericia. Ás dez e media soou o maldito 3300 e Natalia contestou sen comprobar o número na pantalla. Ben coñecía a identidade do outro lado da liña.

—Quero que esteas en casa antes dun cuarto de hora –ordenou o pai cunha frialdade descoñecida–, tes en que vir ou necesitas que vaia recollerche?

—Non, vou axiña –contestou Natalia obedientemente.

En realidade, foron dezaoito minutos, pero a casa de Lisa estaba a bastante distancia, así que podía considerarse unha boa marca. O pai estaba só, sentado na butaca do salón mirando ao baleiro.

—E Laura? —preguntou Natalia cunha mestura de alivio e estrañeza ao non vela por alí.

—Non sei. Liscou moi enfadada. Non quere falar comigo. En realidade, non sei se quererá verme de novo, dadas as circunstancias.

Natalia fitou a seu pai e quedou asustada: nin naqueles días espantosos inmediatamente posteriores á marcha da nai tiña ese aceno tan desesperado, e o peor de todo era que ela podía considerarse causa directa daquel estado. Con todo, o seu vello enfado lembroulle con menos convicción que unha hora antes a culpábel era Laura e non ela.

—Rifastes?

—Fuches moi cruel, Natalia. Nunca viches eses modais na casa para comportarte dese xeito.

—Eu non fixen...

—Non tiñas que dicir iso do manicomio —interrompeuna o pai cunha voz de frialdade sobrenatural—. Fixeches moito dano a Laura e nunca nolo perdoará —Natalia estaba totalmente sorprendida ante o xiro dos acontecementos, pero non se atrevía

a preguntar—. Ela estivo ingresada nunha clínica de repouso hai cinco anos a causa dunha depresión. Morréralle o pai, o irmán, a cuñada e un sobriño nun accidente de coche e estivera moi mal, até chegara a perderse nas rúas de pura ansiedade, e ti tiveches que botar a lingua a pacer —concluíu con resentimento.

—Eu non sabía —protestou Natalia arrepentida.

—O problema é que non sabes nada, ese é o problema —rosinou o pai pasándose as mans pola cara—. Non sei, pode que eu non o estea facendo moi ben e che teña convertido nunha nena mimada, debe ser iso.

—Non, papá, eu...

—Teremos que pensalo con calma, iso está claro —continuou el máis para si, como se a filla non estivese presente—. Seica sexa recomendábel que pases unha tempada con túa nai e ese Cesc en Barcelona, a ver se entre ela e ese noivo xornalista tan listo son capaces de sacar bo de ti. Eu fixen todo o mellor que puideron e ti só mo tes pagado con bufidos e moumeos nos últimos tempos, sen contar co teu baixón nos estudos, que tampouco ten perdón. A verdade, xa estou farto, e non sei que máis podo facer contigo.

—Pero papá —saloucou ela.

—En fin, mañá seguiremos a falar disto. Agora vou para a cama. Sinto a cabeza a piques de estoupar e non quero seguir coa discusión. Ti tamén deberías deitarte. Mañá hai instituto. Boas noites.

—Papá...

—Deica mañá.